




*Ramon Cabanillas*

*50 cabodano do seu pasamento*

## *Declaración de Mondariz-Balneario*





DECLARACIÓN DE MONDARIZ-BALNEARIO.  
ASINADA POLOS REXEDORES DOS CONCELLOS DE CAMBADOS, CUNTIS,  
DOZÓN, MEIS, MOAÑA, MOS, REDONDELA, SILLEDA E MONDARIZ-  
BALNEARIO CO GALLO DO 50 CABODANO DO PASAMENTO DE  
RAMÓN CABANILLAS



Subvenciona:



© desta edición:



Edita:



Deseña e maqueta: Pío García

Imprime: Plana artes graficas

Depósito Legal:



O concello de Mondariz-Balneario quérese sumar aos actos que se están a realizar co gallo do 50 cabodano do pasamento de Ramón Cabanillas, escritor e un dos poetas nacionais de Galicia, que faleceu en Cambados o 9 de novembro de 1959 e, deste xeito, honrar a memoria deste egrexio literato e galeguista.

Con isto mostramos, en primeiro lugar, a admiración por ese ilustre persoeiro tan vinculado a Mondariz-Balneario e, en segundo lugar, o noso convencemento de que a administración ten que estar na avangarda da defensa da nosa cultura e lingua, e máis, se cabe, a administración local que está na primeira liña de relación cos cidadáns.

Por iso asinamos a Declaración de Mondariz-Balneario, onde os alcaldes dos concellos nos que prestou servizos don Ramón Cabanillas reafirmamos o noso compromiso de seguirmos na liña da incorporación e implantación do galego como lingua xurídica e administrativa nun proceso que non pode parar, senón que ten que seguir medrando e retroalimentándose decote.

José Antonio Lorenzo Rodríguez  
*Alcalde de Mondariz-Balneario*

Ramón Cabanillas foi, xunto con outros galeguistas, funcionario da administración local. Isto aconteceu na década dos anos trinta do século pasado. Por ese tempo, tamén outros compañeiros seus —Arturo Noguerol e Lois Peña Novo— exerceron as mesmas funcións noutros concellos galegos. A ámbolos dous, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia dedicoulles varias actividades e publicacións destinadas a divulgar a súa obra e exemplo de galeguismo na función pública.

O pensamento de Ramón Cabanillas está exposto na súa obra literaria. A lingua, a cultura, o patrimonio... foron motivos de preocupación para o autor cambadés. A Declaración que asinan os rexedores municipais onde exerceu a súa actividade funcional e representación política, como foi o caso de Mondariz-Balneario, ratifican o desexo de galeguización da administración local, que ten os seus antecedentes na *Declaración dos alcaldes galegos* reunidos en Santiago de Compostela en maio de 1984 e, recentemente, vintecinco anos despois, a convocada conxuntamente pola Asociación de Funcionarios, a Irmandade Xurídica Galega e a Federación Galega de Municipios e Provincias o pasado mes de xullo. En ámbalas dúas declaracións os concellos asinantes comprometéronse a impulsar o proceso de normalización lingüística nas actividades administrativas e xurídicas.

Xoaquín Monteagudo Romero  
*Presidente da AFNLG*



Cúmpanse agora 50 anos da morte de Ramón Cabanillas, escritor e un dos poetas nacionais de Galicia, que faleceu en Cambados o 9 de novembro de 1959.

Co gallo desa efeméride estanse a celebrar polo noso país numerosos actos na súa memoria, nos que se atende á condición de figura senlleira da cultura galega, especialmente grazas á súa actividade literaria e produción poética (*Vento mareiro, Da terra asoballada, Na noite estrelecida...*).

Nós queremos afondar na vertente de Ramón Cabanillas como activista intelectual e político e como persoa vinculada á vida municipal porque Ramón Cabanillas traballou ao longo da súa vida e en diferentes épocas en varios concellos de Galicia: como funcionario do concello de Cambados, durante once anos (desde 1895 a 1906); como secretario do concello de Mos, durante catro anos (de 1917 a 1921); durante a súa estada no Balneario de Mondariz baixo o acubillo de Enrique Peinador, foi concelleiro da corporación recién creada; e, finalmente, de 1937 a 1946, desempeñou o posto de traballo de secretario nos concellos de Cuntis, Dozón, Meis, Moaña, Redondela e Silleda, en condicións persoais ben difíciles e suxeito a un expediente de depuración de responsabilidades políticas.

Como intelectual galeguista e activista político, Cabanillas foi un defensor da identidade, da lingua e da cultura galegas polo que se



Ile cualificou como “a voz lírica do movemento das Irmandades da Fala”.

Neste 50 cabodano do seu pasamento, os representantes das corporacións locais nas que traballou ou aos que estivo vinculado quere-  
mos honrar a súa memoria baixo o lema “O galego é a lingua pro-  
pia dos concellos de Galicia” co que neste mesmo ano a FEGAMP  
conmemorou os 25 aniversario da Declaración do Hostal, que 187  
alcaldes asinaron en Compostela en maio de 1984. Esta efeméride  
é unha ocasión acaida para matinaros sobre o papel dos concellos  
e as deputacións, de cara á consecución da plena normalización lin-  
güística do noso idioma.

Os concellos xogaron nestas tres últimas décadas un papel de avan-  
garda na incorporación e implantación do galego como lingua xu-  
rídica e administrativa, nun proceso no que precisamente constitúe  
un fito senlleiro aquela Declaración de Compostela de 1984, apenas  
aprobada, en xuño de 1983, a Lei de Normalización Lingüística, que  
declaraba o galego como lingua oficial e propia de Galicia e, xa que  
logo, das corporacións locais, e consagraba a plena validez xurídi-  
ca do seu uso. Con posterioridade, as corporacións protagonizaron  
outros fitos como foron:

- A creación da Sección de Linguaxe Administrativa no Instituto da Lingua Galega en 1985, a través dun convenio entre a Universidade de Santiago, que creou o forno do que saíron documentos básicos como os *Cadernos de Documentación Municipal*, os primeiros vocabularios xurídicos e técnicos e os albores da terminoloxía administrativa.
- As ordenanzas e regulamentos municipais de uso do galego, que contribuíron decisivamente á incorporalo como lingua de traballo dos funcionarios/as e a consagrar a esixencia do seu coñecemento como requisito de acceso ao emprego público, circunstancia esta última que, por certo, tivo un efecto multiplicador de cara a divulgar e prestixiar a lingua entre os novos funcionarios e traballadores das administracións e que callou

nunha realidade social que ao cabo venceu as resistencias da doutrina xurisprudencial máis conservadora do Tribunal Supremo.

- A Lei de Uso do Galego nas Corporacións Locais que aprobou o Parlamento de Galicia en 1988, promovida polo movemento municipalista galego e pola Asociación de Funcionarios (AFNLG) foi un paso adiante moi relevante, xa que dispuxo que os documentos esenciais das corporacións se debían redactar en lingua galega a partir da entrada en vixencia da Lei e, en calquera caso, no prazo máximo de adaptación de dous anos que alí se prevía.

Finalmente, a Lei de Administración Local de Galicia 5/1997, do 22 de xullo, convalidou a través do seu artigo 7º o contido das normas anteriores e agrandou a extensión do uso do galego a outros eidos moi importantes da vida local como o das escrituras públicas, o das inscricións rexistradas e dos procesos xudiciais nos que interveñan as corporacións locais, obxectivos estes últimos que aínda hoxe, en boa medida, están pendentes de acadar.

O resultado de todo ese proceso foi a incorporación dun número crecente de autoridades e funcionarios locais ao uso oral e escrito do galego, que contribuíu a devolverlle a condición de lingua de prestixio, por medio da súa presenza nos actos oficiais e nos procedementos e documentos xurídicos e administrativos, como nunca antes se dera na historia do País.

Un dos sinais que definen a autonomía política de Galicia é o carácter oficial da súa lingua, e o recoñecemento dela como primeiro valor cultural e como sinal de identidade do pobo galego conleva a obriga legal de promocionar o seu uso.

A Lei de Normalización Lingüística (LNL) recoñeceu que para garantir a implantación efectiva do galego como idioma oficial do País era necesario programar e executar un proceso de normalización no que imperase o principio de que os poderes públicos —especial-

mente a Xunta de Galicia e as corporacións locais— estivesen obrigados a promoveren o uso do galego como lingua historicamente desfavorecida, para incorporala de contado aos ámbitos sociais dos que se viu arredada ao longo do tempo (usos administrativos e xurídicos, usos relixiosos, ensino, demáis servizos públicos, relacións económicas e medios de comunicación social).

En setembro do 2004, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG), que porfía naqueles obxectivos, analiza os seus presupostos e propón medidas concretas para a súa consecución. En concreto, o PXNLG propón como obxectivos xerais para o sector das corporacións locais:

- Consolidar o papel normalizador delas por medio da xeralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos cidadáns.
- Incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello lles ofrece aos cidadáns tanto directamente como a través das empresas concesionarias dos servizos públicos.
- Poñer os medios para que todo traballador ao servizo directo ou indirecto da administración local teña unha actitude favorable ao emprego da lingua galega, con coñecemento oral e escrito suficiente para atender nela ao cidadán que o desexe e practique a oferta positiva.

E como obxectivos específicos:

- Mellorar a calidade do idioma falado e escrito polos funcionarios e as autoridades.
- Reforzar nas autoridades e funcionarios a conciencia do seu protagonismo no proceso de normalización.
- Actualizar os recursos técnicos e incorporar as novas tecnoloxías informáticas para facilitar o traballo da administración.

O PXNLG foi aprobado por unanimidade — ao igual que a LNL de 1983 — non por casualidade, senón porque ao longo do proceso de implantación da autonomía política de Galicia as entidades públicas e privadas e os axentes sociais defensores do uso do galego, así como a clase política do País foron conscientes da importancia dos temas lingüísticos e do seu carácter extraordinariamente sensible, que esixía actuar con consenso. Velaí o pacto non escrito do que xurdiron a LNL de 1983 e o PXNLG de 2004.

O resultado desa metodoloxía foi, como subliña o PXNLG, que o uso das linguas oficiais en Galicia e nomeadamente do galego non orixinou ningún conflito significativo nin oposición social á progresiva implantación do proceso de normalización. Os redactores do PXNLG e o Parlamento de Galicia recomendaron porfiar nese método cando sinalan como elementos básicos da súa “estratexia” para o clima das relacións lingüísticas en Galicia os da modernidade e da cortesía, que concretan en tres fórmulas:

- **A oferta positiva do galego** (as autoridades, funcionarios e traballadores públicos procuremos iniciar en galego as relacións nas que interveñamos).
- **A oferta informativa do galego** (informemos, en caso de dúbida, sobre a plena validez e eficacia xurídica da relación en galego).
- **O uso da cortesía** (usemos o galego como un exercicio de respecto e cortesía, e fuxamos das imposicións).

Noutras palabras, o método que presidiu a política lingüística deste País é a procura do consenso, á marxe de conflitos artificiosos que poden levar á sociedade galega a desandar o que, traballosa e proveitosamente, adiantou desde o establecemento da autonomía política. Noutras palabras, as actuacións nesta materia requiren actitudes positivas, cortesía persoal, tolerancia e capacidade de comprensión nos interlocutores.

As corporacións locais estamos obrigadas nestes momentos a continuar xogando un importante papel: o de evitarmos que se imponha a dinámica de crispación e de conflito ao tratarmos os temas lingüísticos, o de manter os avances e os sensibles equilibrios que se foron tecendo nos eidos educativo, administrativo, xurídico, económico, ou dos servizos públicos e que sosteñen o uso da lingua galega nestes principios do século XXI.

Velaí onde debemos estar as autoridades e traballadores locais, na idea de que o galego non é patrimonio de ninguén senón que é un vínculo que nos une a todos, revalidando nesta singular coxuntura o protagonismo social e democrático que as corporacións xogaron ao longo das últimas décadas, neste como noutros tantos eidos.

Esa é a mellor homenaxe que lle podemos render a don Ramón Cabanillas e a que, sen dúbida, máis lle compracería no alén.

Mondariz-Balneario, 9 de novembro de 2009